



## CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

**EXPEDIENTE 2024/C005/000015. "Obras para a minimización das perdas de auga na rede de abastecemento".**

**JOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ, secretario-interventor do Concello de Touro do que é alcalde Roberto Castro Rocamonde,**

### **CERTIFICA**

**Que o venres día 12 de xullo de 2024, a Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria, cos quórum de participación e votación legalmente esixidos, adoptou o acordo que di:**

**"9 EXPEDIENTE 2024/C005/000015. "Obras para a minimización das perdas de auga na rede de abastecemento". Aprobación expediente de contratación.**

### **ANTECEDENTES:**

- EXPEDIENTE 2024/A08/000007. Resolución de Augas de Galicia do 29 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de obras co fin de minimizar as perdas de auga en entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2024 mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento AU301E). [DOG n.º 20 do 29.01.2024], onde consta o Decreto número 83/2024 de 29 de febreiro de 2024 polo que se acordou:

*.../...PRIMEIRO. Solicitar una subvención ao abeiro da Resolución de Augas de Galicia do 29 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de obras co fin de minimizar as perdas de auga en entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2024 mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento AU301E) por importe de 45.000,00 € (importe máximo subvencionable) para a execución das obras contidas no proxecto denominado "Obras para a minimización das perdas de auga na rede de abastecemento", na rede de abastecemento de Peixón, Cascallón, Pena e Andeade, cun orzamento de 81.467,85 € máis 17.108,25 € de IVE para un total de 98.576,10 euros (IVE incluído).../...*

- Resolución de Augas de Galicia de 4 de xullo de 2024 de concesión da referida subvención por importe de 45.000,00 euros

- Providencia de inicio e memoria xustificativa da necesidade do contrato.

- Informe de necesidade

- Informe de Secretaría.

- Informe de Intervención e informe de fiscalización fase A.

### **CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS**

**Primeira.-** Normativa de aplicación.

Tense en conta a seguinte:

- Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

- Real Decreto 1098/2001 do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas.

- Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local.

- Lei 5/1997 de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia.

- Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local e demais disposición concordantes que resulten de aplicación.

**Segunda.-** O obxecto da actuación é a renovación da rede coa canalización de tubo de tubo de polietileno alta densidade, de 63 mm de diámetro exterior e 16 Atm. de presión, a execución de

acometidas e coa instalación de valvulas de comporta nos lugares Peixón, Cascallón, Pena e Andeade. Coa renovación da tubaxe na rede de abastecemento prevese mellorar a calidade mesma, reducindo as perdas de auga de xeito que se optimicen os recursos hídricos dispoñibles.

A necesidade que se debe satisfacer co contrato é o abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais, materias estas nas que o municipio pode exercer competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, segundo o disposto no artigo 25.2 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e 26.1 a) da ciata Lei.

Tipo de contrato: Obra	
Obxecto do contrato: Obras para a minimización das perdas de auga na rede de abastecemento.	
Procedemento de contratación: aberto simplificado	Tipo de tramitación: Ordinaria
CPV: 45232150 - Traballos relacionados con tubaxes de distribución de auga.	
Valor estimado do contrato: 81.467,85 € (excluído IVE)	
Orzamento base de licitación IVE excluído: 81.467,85 €	IVE (21 %): 17.108,25 €
Orzamento base de licitación IVE incluído: 98.576,10 €	
Prazo de execución: dous (2) meses.	

Existe crédito axeitado e suficiente na bolsa de vinculación da partida 161.63300.

**Terceira.-** A disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, atribúe ao alcalde as competencias como órgano de contratación en aqueles contratos nos que o valor estimado non superen o 10% dos recursos ordinarios do concello do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

O órgano competente para aprobar o expediente é a Alcaldía xa que o importe do orzamento do contrato (importe sen prórrogas e máis IVE, como partida independente) non excede do 10% dos recursos ordinarios do orzamento (disposición adicional 2ª, 1 e 14 da LCSP, en relación co artigo 131 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas – RXLCAP, en adiante –, en relación co artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais).

Esta competencia da Alcaldía está delegada na Xunta de Goberno Local (Acordo do Pleno do Concello de Touro polo que se crea a Xunta de Goberno Local e Decreto da Alcaldía do n.º 212/2023 do 10 de agosto polo que se delegan determinadas competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local).

#### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto técnico "Obras para a minimización das perdas de auga na rede de abastecemento", redactado por Pablo Blanco Ferreiro, Enxeñeiro de Camiños, C. e P. cun orzamento de 98.576,10 euros.

**SEGUNDO.** Aprobar o expediente de contratación n.º 2024/C005/000015, mediante procedemento aberto simplificado, para a execución das obras contidas no proxecto "Obras para a minimización das perdas de auga na rede de abastecemento" cun orzamento de 81.467,85 € máis 17.108,25 € de IVE para un total de 98.576,10 euros (IVE incluído) e un prazo de execución de dous meses.

**TERCEIRO.** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares que rexerán o contrato, utilizando como prego de prescricións técnicas (PPT) o proxecto técnico referido anteriormente.



## CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

**CUARTO.** Autorizar o gasto polo importe de 98.576,10 €, con cargo á aplicación orzamentaria 160.63200 do vixente orzamento municipal.

**QUINTO.** Dispoñer a apertura do procedemento de contratación por procedemento aberto simplificado con publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante deste órgano de contratación, para que no prazo de 20 días naturais se presenten as proposicións que se estimen pertinentes a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es>) publicando no perfil de contratante a documentación integrante do expediente de contratación esixida pola Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas.

Ao abeiro do acordo do Pleno do Concello de Touro polo que se crea a Xunta de Goberno Local e Decreto da Alcaldía do n.º 212/2023 do 10 de agosto polo que se delegan determinadas competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos tres membros que asisten á sesión, sendo catro o seu número legal de membros, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto técnico “Obras para a minimización das perdas de auga na rede de abastecemento”, redactado por Pablo Blanco Ferreiro, Enxeñeiro de Camiños, C. e P. cun orzamento de 98.576,10 euros.

**SEGUNDO.** Aprobar o expediente de contratación n.º 2024/C005/000015, mediante procedemento aberto simplificado, para a execución das obras contidas no proxecto “Obras para a minimización das perdas de auga na rede de abastecemento” cun orzamento de 81.467,85 € máis 17.108,25 € de IVE para un total de 98.576,10 euros (IVE incluído) e un prazo de execución de dous meses.

**TERCEIRO.** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares que rexerán o contrato, utilizando como prego de prescricións técnicas (PPT) o proxecto técnico referido anteriormente.

**CUARTO.** Autorizar o gasto polo importe de 98.576,10 €, con cargo á aplicación orzamentaria 161.63300 do vixente orzamento municipal.

**QUINTO.** Dispoñer a apertura do procedemento de contratación por procedemento aberto simplificado con publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante deste órgano de contratación, para que no prazo de 20 días naturais se presenten as proposicións que se estimen pertinentes a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es>) publicando no perfil de contratante a documentación integrante do expediente de contratación esixida pola Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas.”

**E para que conste e a salvo erro ou omisión involuntaria e coa particularidade do artigo 206 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, libro este certificado de orde do alcalde.**

**Touro, na data da sinatura dixital**

**José López González, secretario-interventor**

**Visto e praxe: Roberto Castro Rocamonde, alcalde-presidente**